



FACULTADE DE CIENCIAS

**PLAN**  
**de**  
**ACCIÓN TITORIAL**

**Curso 2023-24**

**Setembro 2023**

# ÍNDICE

<b>Prólogo .....</b>	<b>2</b>
<b>I. Programa de Alumnos Tutores .....</b>	<b>3</b>
1.- Obxectivos .....	4
2.- Unidade organizativa responsable.....	4
3.- Cargo responsable.....	4
4.- Destinatarios.....	4
5.-.Descrición do programa.....	4
6.- Planificación de Actividades .....	5
7.- Accións de mellora .....	7
8.- Indicadores de seguimento .....	7
<b>II. Apoio Tutorial Extraordinario .....</b>	<b>9</b>
1.- Obxectivos .....	10
2.- Unidade organizativa responsable.....	10
3.- Destinatarios.....	10
4.-.Descrición da actividade .....	10
<b>III. Actividades de Orientación e Formación .....</b>	<b>11</b>
1.- Obxectivos .....	12
2.- Unidade organizativa responsable.....	12
3.- Cargo responsable.....	12
4.-Entidades colaboradoras externas .....	12
5.- Destinatarios.....	12
6.-.Descrición do programa .....	12
7.- Planificación de Actividades .....	13
8.- Accións de mellora .....	15
9.- Indicadores de seguimento .....	16

## Prólogo

De acordo co *Manual de procesos* da Facultade de Ciencias proceso *PC-03 Apoio a estudantes*, nesta planificación establécense as actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado na súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe, o desenvolvemento do estudante e a orientación laboral.

Dentro deste Plan de Acción Tutorial da Facultade de Ciencias aglutínanse tres tipos de actividades ou programas que se detallarán nos seguintes apartados:

- **Programa de Alumnos Tutores**
- **Apoio Tutorial Extraordinario**
- **Actividades de Orientación e Formación**

De estes programas ou actividades debemos subliñar que o Apoio Tutorial Extraordinario é responsabilidade do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC e executado polos departamentos, recaendo no Centro a labor exclusiva de comunicación de solicitudes e consultas.

## I.- Programa de Alumnos Tutores

O alumnado tutor é un estudante matriculado nunha titulación de grao do Centro, de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora ao Centro, tratando de favorecer a súa integración.

Nunha 1ª etapa fórmase a este alumnado para que coñeza o funcionamento da USC. Na 2ª etapa estes alumnos dan acollida ao alumnado de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes estranxeiros (Erasmus, SICUE e de intercambio bilateral) e desenvolven apoio para o Servizo de Voluntariado.

## 1. Obxectivos

O obxectivo deste programa é a formación de alumnos que cursan estudos na Facultade en 2º curso ou posteriores, para que poidan exercer como tutores doutros alumnos de cursos inferiores. Ademais de poder titorizar e asesorar aos seus compañeiros, os alumnos tutores poderán colaborar noutras actividades de promoción das titulacións do Centro.

## 2. Unidade organizativa responsable

Facultade de Ciencias.

## 3. Cargo responsable

Decana da Facultade.

Coordinador do Programa de Tutores na Facultade de Ciencias. A persoa responsable da coordinación e organización de todas as actividades relacionadas co Programa de Alumnos Tutores na Facultade de Ciencias, é Don José Blanco Méndez, profesor do Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, novo coordinador do Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC na Facultade.

## 4. Destinatarios

O Programa de Alumnos Tutores está dirixido ao estudiantado das diferentes facultades e escolas da USC que queiran exercer como tutores e titoras do novo alumnado que se incorpora a universidade.

## 5. Descrición do Programa

Ademais das propias tarefas de titorización, os alumnos tutores tamén terán encomendadas outras labores de colaboración na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia, nas visitas guiadas que o alumnado de secundaria realiza ás instalacións da USC e noutras tarefas relacionadas co ensino medio que lle sexan encomendadas pola coordinadora deste Programa de Tutores. A participación dos estudantes nesta actividade ten un recoñecemento académico de 6 ECTS.

Na Facultade de Ciencias este programa está dirixido ao estudiantado de 3º e 4º curso no Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais, e ao estudiantado de 2º e 3º curso do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Este ano tamén se incorporan para formar parte deste programa o alumnado de 3º do Grao en Bioquímica.

O programa estruturase en dous cursos, o primeiro deles é un curso teórico no que se forma ao alumnado (alumnos titores de primeiro ano) nas técnicas precisas para poder orientar aos estudantes de novo ingreso na USC. No segundo curso os alumnos titores de segundo ano exercerán as labores propias de titor dos alumnos de novo ingreso.

A información relacionada e a convocatoria para o bienio 2021-23 atópase nos seguintes enlaces:

- <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-ciencias/alumnado-tutor>
- [https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2024-01/CONVOCATORIA-PROGRAMA-DE-TITORES-curso-2023-24.pdf\\_0.pdf](https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2024-01/CONVOCATORIA-PROGRAMA-DE-TITORES-curso-2023-24.pdf_0.pdf)

## 6. Planificación de Actividades

### a) Recepción dos alumnos de novo ingreso e formación de grupos de contacto.

O primeiro día do curso académico os titores de segundo ano participarán na *Xornada de Presentación e Benvida* organizada na Facultade para recibir aos estudantes de primeiro de cada un dos graos. Daranse a coñecer e exporán os medios para que os alumnos de novo ingreso se poñan en contacto con eles cando necesiten que os axuden ou apoiem. Organizaranse as titorías co emprego das novas tecnoloxías (grupo *WhatsApp* ou grupo *Facebook* alumnos de primeiro) dada a eficacia da súa utilización nos cursos anteriores.

Tamén na primeira semana do inicio do curso académico os titores participarán na *Xornada de benvida ao Campus Terra da USC*, acto de acollida no que, a través dos responsables e persoal dos diferentes servizos da USC, se presentarán aos alumnos de novo ingreso os programas e actividades lúdicas, culturais e de lecer que desenvolve a Universidade de Santiago no Campus de Lugo.

### b) Actividades informativas para os estudantes novos.

Nestas actividades os titores terán un papel destacado. Estarán dirixidas aos alumnos de primeiro de tódolos graos da Facultade e nelas tratarase de informar e salientar as dúbidas do estudiantado con respecto a servizos e programas da USC como son: as asociacións estudiantís, a representación nos órganos de goberno da USC, programas de mobilidade, actividades culturais e deportivas, etc. Os alumnos titores contarán coa colaboración e apoio de persoal da USC dos que recibiu esta información no primeiro ano do programa.

**c) Participación na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia.**

Os titores de segundo ano participarán nas actividades de difusión da Universidade de Santiago de Compostela nos centros de ensino medio, asistindo conxuntamente cos profesores ou co coordinador do *Programa A Ponte* a aqueles centros nos que sexa requirida a súa presenza ou nos centros nos que eles estudaron antes do seu acceso a universidade. Esta actividade será levada a cabo de xeito presencial ou telemática.

**d) Participación nas visitas guiadas de alumnado de secundaria ás instalacións da USC.**

Os alumnos titores de segundo ano participarán nas diferentes visitas guiadas que os alumnos de ensino medio realicen ás instalacións da USC organizadas por o *Programa A Ponte*, tales como os “USC Camiña”, “Encontros na USC” ou “Campus de Verán Xuvenciencia” e algunha outra visita dos centros de secundaria que se poda producir.

Tamén poderán participar nas xornadas “Ciencia para novos investigadores” organizadas pola Facultade de Ciencias para a promoción e divulgación das súas titulacións.

Estas actividades levaranse a cabo de maneira presencial, aínda que está estipulado que os alumnos titores colaboren nos “Encontros Virtuais” dirixidos aos alumnos de bacharelato en sesións diferenciadas dos coordinadores dos títulos, tal e como se viña facendo dende a situación da alerta sanitaria pola pandemia de SARS-Cov-2.

**e) Publicación do Programa de Titores e selección dos alumnos de primeiro ano.**

Nos meses de xaneiro/febreiro do curso 2022-24, publicitarase entre o alumnado da Facultade a Convocatoria do *Programa de Titores* e participarase na Comisión de selección dos solicitantes, que estará presidida polo Decano, o Coordinador do centro do Programa A Ponte e o Coordinador do Programa A Ponte no Campus Terra. Unha vez transcorridos os prazos e feita a selección dos alumnos interesados estes verán incluído no seu expediente académico esta actividade que será recoñecida con 6 ECTS (optativos) ao seu remate, sempre e cando sexan avaliados positivamente.

**f) Control das actividades realizadas polos alumnos titores.**

O coordinador do Programa A Ponte na Facultade realizará, o longo dos dous cursos académicos que dura cada *Programa de Titores*, un seguimento da labor desenvolta e das memorias presentadas polo alumnado participante para emitir un informe que será tido en conta na súa avaliación por parte do Coordinador do *Programa A Ponte* no Campus Terra. As actividades realizadas polos alumnos titores se considerarán avaliadas positivamente cando estas actividades sexan realizadas nun 80%.

**g) Outros**

A Facultade participará en calquera outra iniciativa proposta polo *Programa A Ponte* que implique aos seus alumnos titores e que supoña facer unha “ponte” entre os centros de ensinanza secundaria e a USC para orientar aos futuros estudantes universitarios.

Os alumnos titores asistirán ás Probas de ABAU realizadas nos centros da provincia de Lugo onde contactarán cos alumnos de 2º de BAC, a saída dos exames xerais, para animalos a estudar no Campus Terra e máis en concreto nas titulacións da nosa Facultade.

**7. Accións de mellora**

Como consecuencia das propostas de mellora derivadas do informe correspondente ao curso 2022-23, neste programa levaranse a cabo as seguintes accións:

- Ademais da información proporcionada polo equipo de dirección e o coordinador do programa na Facultade, propónse potenciar e fomentar a participación do alumnado no programa mediante unha charla en clase a cargo dos propios alumnos titores que relatarán a súa experiencia.
- Dentro da formación que reciben os alumnos titores, no programa deste curso se propón impartir uns seminarios máis acaídos a súa labor dentro do programa A Ponte, incluíndo un: Bloque 1. Coñecementos básicos do funcionamento da USC. Bloque 2. Divulgación da oferta de servizos e programas que fai a USC e Bloque 3. Formación específica para o labor de titor/a.
- Os alumnos titores de segundo ano participarán activamente como poñentes no curso de formación da nova promoción de alumnos titores que terá lugar no 2º semestre.
- Os alumnos/as titores de segundo ano asistirán as sesións informativas sobre os programas de mobilidade (SICUE, Erasmus+, Bilateral).

**8. Indicadores de Seguimento.**

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Programa de Alumnos Titores serán o *número de alumnos titores participantes* de cada un dos graos implicados, así como o *número de actividades desenvolvidas* o longo do curso polos alumnos titores.

Indicar que a propia convocatoria feita dende o Reitorado para o **Programa de Alumnos Titores** establece que o número máximo de alumnos participantes neste programa e de 4 por titulación, polo que no caso da Facultade son sempre convocadas 4 prazas de alumnos titores para o Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais, e outras 4 para o Grao en



Nutrición Humana e Dietética. Nesta convocatoria, e tendo en conta a nova implantación do Grao en Bioquímica, o número de alumnos participantes poderá ser 5 de xeito excepcional.

## **II.- Apoio Titorial Extraordinario**

Actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC para axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

## 1. Obxectivos

O Apoio Titorial Extraordinario ten como obxectivo axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, e ten unha metodoloxía de aprendizaxe que se establecerá entre o profesor-titor e o alumno.

## 2. Unidade organizativa responsable.

O Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica é o responsable de xestionar esta actividade, e os departamentos implicados na docencia son os responsables de executala seguindo as instrucións establecidas na convocatoria.

Nesta actividade o centro límtase a dar traslado das solicitudes recibidas aos departamentos e comunicar a información ou consultas recibidas.

## 3. Destinatarios

Alumnos matriculados en calquera titulación oficial da USC, agás nas de posgrao, que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria.

## 4. Descrición da Actividade.

É unha actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC en cada curso académico. Nesta convocatoria establécense os requisitos que deben cumprir os alumnos para poder solicitala, prazos de solicitude da mesma, actuación dos órganos que interveñen no procedemento (Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador, Centros, UXA, Directores dos Departamentos e Profesores Titores), elaboración das Actas, etc.

De acordo coa convocatoria, a Facultade de Ciencias corresponderalle unicamente dar traslado ás solicitudes recibidas ós departamentos e informalos de calquera consulta que teña que ver cos solicitantes e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria anual.

A convocatoria para o curso 2023-24 atoparase dispoñible no seguinte enlace:

[https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2024-01/CONVOCATORIA-PROGRAMA-DE-TITORES-curso-2023-24.pdf\\_0.pdf](https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2024-01/CONVOCATORIA-PROGRAMA-DE-TITORES-curso-2023-24.pdf_0.pdf)



### **III. Actividades de Orientación e Formación**

Dentro deste epígrafe enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudiantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral. Debido a isto, moitas desas actividades desenvólvense en colaboración con entidades externas e colexios profesionais.

## 1. Obxectivo.

Favorecer a aprendizaxe e desenvolvemento do estudante así como de ofrecer unha orientación laboral axeitada

## 2. Unidade organizativa responsable.

Facultade de Ciencias.

## 3. Cargos responsables

Decana Facultade.

Coordinadores de Graos.

Coordinadores de Mestrados.

## 4. Entidades colaboradoras externas.

- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)
- Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL)
- Consejo General de Dietistas-Nutricionistas de España.
- Asociación de Dietistas-Nutricionistas Universitarios de Galicia (ADINU Galicia).
- Clúster Alimentario de Galicia.
- Concello de Lugo.

## 5. Destinatarios

Alumnado das diferentes titulacións que se imparten na Facultade.

## 6. Descrición do programa

Dentro das Actividades de Orientación e Formación enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral. Ao longo do curso académico 2023-24 leváranse a cabo unha serie de actividades de orientación e formación, moitas delas en colaboración coas organizacións profesionais directamente relacionadas coas titulacións impartidas na Facultade.

## 7. Planificación de Actividades

- A realización destas actividades de Orientación e Formación se espera xa non estarán condicionadas pola situación sanitaria e as limitacións impostas anteriormente pola pandemia do SARS-Cov-2.

### a) Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD)

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFG.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do PRACTICUM.
- Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores e coordinadora do Programa de Mobilidade da Facultade).
- Colaboración nas actividades de Benvida da USC no campus Terra.
- Colaboración no acto de mellores expedientes para estudantes de FP en Lugo.
- Colaboración co **Concello de Lugo** no desenvolvemento de charlas nutricionais específicas e divulgativas por parte de alumnos e egresados do noso Centro coa supervisión do profesorado e do Coordinador do Grao. Outra actividade coa que se continuará colaborando co Concello de Lugo no curso 2023-24 e a coñecida como “*Almorzos saudables*” que ten lugar nos colexios da contorna lucense e na que participan alumnos do GNHD informando e formando ao mesmo tempo aos máis pequenos nas boas costumes nutricionais.
- Colaboración co **CODINUGAL**, para continuar celebrando cursos de formación específicos impartidos por profesionais e membros da xunta directiva do Colexio.
- Colaboración con **ADINU Galicia** tanto na organización como no desenvolvemento de actividades específicas de formación e orientación dirixidas ao estudiantado do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Tamén se continuará colaborando con ADINU e co **Consejo General de Dietistas Nutricionistas de España** para a organización de diferentes actividades relacionadas coa celebración do “*Día do Dietista Nutricionista*” o 24 de novembro. Outras colaboracións con ADINU que se consideran son os ciclos de charlas relacionadas con diversos aspectos de Nutrición, enfocadas tanto ao

alumnado do Grao en Nutrición Humana y Dietética como ao público en xeral e enmarcadas dentro de ciclo de conferencias “*En abril, charlas mil*”.

- Sesión informativa sobre materias optativas, de cara a facilitar a elección entre as ofertadas no GNHD. Nesta sesión, que se programará ao principio do primeiro semestre, os coordinadores das materias optativas poderán presentar os contidos, obxectivos e competencias das mesmas aos alumnos de terceiro curso, en sesións de 10-15 minutos de duración.

#### **b) Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI)**

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFG.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas susceptible de recoñecemento como créditos optativos.
- Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores).
- Colaboración co **Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo** en diferentes actividades que se levarán a cabo tanto na Facultade como nas instalacións do propio COETIL:
  - Xornada de presentación do COETILUGO e de orientación laboral para exercer a actividade profesional como Enxeñeiro Técnico Industrial.
  - Xornada de formación sobre Documentación Técnica e Normativa para o deseño e desenvolvemento de proxectos.

#### **c) Grao en Bioquímica.**

Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio.

Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas susceptible de recoñecemento como créditos optativos.

Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores).



Charla informativa aos estudantes de 3º curso sobre a elección das materias optativas a cursar no 4º curso.

Charlas informativas impartidas por expertos sobre saídas profesionais, dirixidas principalmente ao alumnado de 4º curso do grado en Bioquímica.

**d) Mestrado en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA)**

- Xornada de Presentación e Benvida para os estudantes de primeiro curso.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFM.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas.
- Organizar xornadas ou ciclos de conferencias para dar aos alumnos unha visión do mundo empresarial como preparación para a futura vida laboral.
- Colaboración coa Fundación de Endocrinología y Nutrición Gallega (**FENGA**) e a **Sociedade Galega de Endocrinoloxía e Nutrición (SGEN)** para tratar de retomar a organización de conferencias específicas relacionadas co ámbito da Nutrición clínica.

**e) Mestrado en Enxeñaría do Procesado de Alimentos (MEPA)**

Debido ao procedemento de extinción desta titulación de posgrao que aconteceu no curso 2022-23, non se contemplan actividades de titorización, a excepción das destinadas a orientar ao alumnado que resta por rematar sobre normativa e desenvolvemento do TFM.

## 8. Accións de mellora

Como consecuencia das propostas de mellora derivadas do informe do Plan de Acción Tutorial correspondente ao curso 2022-23, nesta programación de actividades tentarán levarse a cabo as seguintes accións:

- Concurso de TFG: Debido a que se aprecia unha gran calidade nos TFG realizados polos alumnos de grao e co obxectivo de incentivar aínda mais aos alumnos e facer coñecedores e partícipes da boa formación do alumnado da Facultade ao seu entorno socioeconómico, proponse levar a cabo a celebración dun concurso de TFG. Para esta actividade buscarase a colaboración dos Colexios profesionais e o financiamento das empresas e entidades nas que os alumnos van a desenvolver o seu futuro profesional.

- Dada a cada vez mais preocupante baixada de candidatos interesados en participar no programa de alumnos tutores, para o curso 2023-24, proponse dar unha maior divulgación deste programa mediante a intervención directa nas aulas para tratar de ampliar o número de alumnos/as tutores na próxima edición.

## 9. Indicadores de seguimento

Os indicadores que se empregarán para valorar o desenvolvemento do Programa de Alumnos Tutores serán o *número de actividades desenvolvidas* o longo do curso para cada unha das titulacións e **a asistencia e/ou participación** en cada unha delas.